

# O Consello da Cultura Galega

RAMON PIÑEIRO \*

**A** longa marxinación histórica de Galicia e maila acción erosiva do centralismo chegaron a producir unhas consecuencias desintegradoras que danaron seriamente a vitalidade interna da nosa personalidade colectiva.

A primeira e máis grave foi a fractura da nosa unidade cultural a través da castellanización unilateral. A unificación política do Estado español resultou ser unha unificación “*castellana*” e levou consigo unha unificación cultural “*castellanizadora*”. Transformouse a unidade en uniformidade, convertíndoa inevitablemente en forza agresiva. Pero compre aclarar que esa hexemonía impositiva non foi obra do pobo castellano como tal, senón do Estado.

Esa identificación da realidade española, constitutivamente plural e diversa, co uniformismo político e cultural do Estado castellano, deu lugar a que, en Galicia, a presenza e a acción do Estado fose desgaleguizadora, quer decir, anti-galega. Así, esa acción do Estado castellanizador, secundada, claro está, polos grandes poderes que tradicionalmente foron os seus asociados, deu lugar á formación dunha Galicia desgaleguizada, castellanizada, alienada, que ademais de renunciar á súa identidade galega adoitou a actitude de mesnospicio cara ós que a conservaban.

Deste xeito, era inevitable a fractura interna da personalidade colectiva de Galicia ó for-

zar a súa división en dúas: a Galicia galega e a Galicia castellanizada. Esta segunda era a Galicia dominante, mentres que a Galicia galega convertiuse na Galicia dominada, abafada, analfabeta, resignada no seu abandono e impotencia.

Durante séculos, esta situación foise afirmando máis e máis, e a Galicia galega, repregada na camada popular, conservou a nosa lingua e a nosa cultura —a nosa personalidade— no nivel da tradición oral, eso sí, progresivamente erosionado pola agresión aculturadora da acción estatal e mais da Galicia castellanizada, alienada, que a secundaba.

Con todo, a certa altura do tempo algúns intelectuais, fillos da Galicia castellanizadora, tomaron conciencia da súa personalidade galega e viraron a súa atención cara a Galicia popular, dominada, analfabeta, abafada. E descubriron que era a Galicia verdadeira, a que conservaba viva a personalidade colectiva do pobo galego como tal.

Algúns deles esforzáronse en percurar que a Galicia castellanizada, alienada, recobrase a conciencia da súa identidade galega, e pra acadalo puxéronse a estudar a nosa historia, a estudar os graves problemas económicos e sociais que padecía o noso pobo, ou, os máis audaces, a reivindicar para Galicia os dereitos que a todo pobo lle corresponden.

Outros, recolleron a lingua que conservaban os labregos, os mariñeiros, os artesáns, e puxéronse a cultivala con amor e con fe para

\* Ramón Piñeiro López é presidente do Consello da Cultura Galega e deputado no Parlamento de Galicia.

convertíla en lingua de cultura escrita. Comprenderon que, ademais de percurar a mentalización da Galicia castellanizada, compría desenvolver a propia cultura galega, e que o núcleo vital da nosa cultura era precisamente a nosa lingua. Os poetas iniciaron a batalla —e aquí temos que mencionar a Rosalía, que declarou expresamente a súa vontade de dignificar poéticamente a lingua dos campesiños e dos mariñeiros, "*única xente do traballo na nosa terra*", e logo fóronse incorporando os cultivadores das demais formas de expresión cultural. E a nosa lingua convertíuse de novo no vehículo expresivo da cultura galega, tanto na súa manifestación oral coma na súa manifestación escrita.

O exemplo admirable destes fillos da Galicia alienada que se reintegraron á Galicia verdadeira, marcou o camiño para a recuperación da nosa unidade cultural interna, quer dicir, para a recuperación e a dignificación da nosa identidade colectiva.

Pasaron máis de cen anos desde que se iniciou este esforzo de recuperación cultural. O Estado español deixou de ser o Estado centralista e uniformador tradicional para se converter nun Estado das Autonomías adaptado á pluralidade real do conxunto español. Deixou de ser o poder implacable que impuña a hexemonía unilateral castellanizadora para se converter no órgano que garante os dereitos de cada unha das culturas e a normal convivencia de todas elas.

Dentro dese marco constitucional, Galicia ten recoñecidos os seus dereitos como nacionalidade histórica a través do noso Estatuto de Autonomía, que nos permite, por medio do autogoberno, ir recuperando a unidade interna do noso pobo no tocante á conciencia da súa responsabilidade colectiva como tal pobo. Frente á acción desintegradora da marxinación e do centralismo, que fragmentou esa conciencia unitaria e superior de pobo, a Atonomía ten que levar a cabo unha necesaria acción integradora. Ten que nos devolver a conciencia comunal que corresponde á nosa responsabilidade colectiva, imprescindible para recuperar a confianza en nós mesmos e, con ela, toda a forza realizadora que os pobos necesitan e logran a través da vontade solidaria.

Esta recuperación da unidade profunda que serve de base ó dinamismo interno da conciencia colectiva dos pobos lógrase a través do coñecemento e identificación coa cultura propia, que non é outra cousa que a expresión da personalidade colectiva. De ahí que o noso Estatuto estableza, no seu artigo 32, que a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego son responsabilidade da Comunidade Autónoma e que, a tal fin, o Parlamento, mediante Lei, creará o *Consello da Cultura Galega*. Trátase, xa que logo, da Institución autonómica establecida polo noso Estatuto co fin de recuperar a unidade activa da personalidade cultural de Galicia.

